

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE ESTUDOS PROPIOS DE POSGRAO

No presente anexo recóllese a proposta da Comisión de Estudos Propios de Posgrao (en adiante CEPP) de modificación do Regulamento de Estudos Propios de Posgrao da UDC (en adiante REPP), aprobado na sesión do Consello de Goberno do 25 de outubro de 2006.

Proposta de modificacións:

A aparición de problemas puntuais e de aspectos susceptibles de mellora observados pola CEPP na aplicación do REPP nos últimos anos, motiva o establecemento de modificacións puntuais dalgúns dos seus artigos que permitan a súa consolidación como unha ferramenta útil e eficiente para ordenar a xestión e o desenvolvemento dos cursos propios de posgrao.

Especificamente, a CEPP propón as seguintes modificacións:

[1] CONDICIÓN DE ACCESO ESPECÍFICAS PARA OS MESTRADOS. Proponse que as persoas que posúan un título propio da UDC (de primeiro ciclo ou de ~~primeiro e~~ segundo ciclo) se poidan matricular nun título propio de posgrao. Modificaríase o artigo 7.3 como segue:

Artigo 7.3

e. Posuír un título propio ~~da UDC de primeiro ciclo ou de~~ primeiro e segundo ciclo ~~da UDC~~.

[2] CONDICIÓN DE ACCESO. NORMAS XERAIS. Aqueles estudantes estranxeiros que estean a piques de rematar o seus estudos universitarios, poderíanse matricular nun posgrao propio, a semellanza do regulado xa para estudantes non estranxeiros. Isto suporía modificar o artigo 11:

Artigo 11

Os estudantes que estiveren en posesión dun título de ensino superior estranxeiro poderán acceder aos estudos de posgrao considerados no presente regulamento sen necesidade de homologación previa do dito título.

~~Tamén, no caso dos cursos de especialización e de formación específica de posgrao, poderán acceder cando non lles faltar máis de 30 créditos para obter a devandita titulación estranxeira. En tal caso, porén, deberán acreditar a condición de titulado/a antes de rematar o curso de propio de posgrao.~~

En ambos os dous supostos, para a admisión será necesaria unha autorización do reitor que

[3] DA APROBACIÓN DUN NOVO CURSO. Proponse eliminar a posibilidade explícita de recorrer diante do Consello de Goberno o informe desfavorable da CEPP á implantación dun novo curso. Na práctica, isto supón eliminar o parágrafo que segue no artigo 21.2.

Artigo 21

2. As propostas ... Caso de o informe ser desfavorable, as propostas serán devoltas aos propoñentes xunto cunha copia do informe razoado da comisión que xustifique a súa devolución. ~~Neste último caso, os propoñentes, se o consideraren oportuno, poderán recorrer directamente a decisión negativa perante o Consello de Goberno.~~

[4] MEMORIAS. Cando os cursos sexan xestionados por entidades alleas á UDC, as memorias económicas deberán obrigatoriamente ser certificadas pola entidade xestora. Na práctica a CEPP está xa a requirilo. Modificaríase o artigo 24 como segue:

Artigo 24

c) o balance económico detallado e certificado pola entidade xestora cando esta sexa allea á UDC.

[5] DA RENOVACIÓN DUN CURSO. Por unha banda, eliminar a necesidade de presentar o informe provisional do curso actual non rematado. Tan só sería precisa a presentación da memoria do último curso rematado e, de o considerar pertinente a CEPP, unha folla resumo co máis salientable do curso en vigor. O Artigo 25.1 quedaría como segue:

Artigo 25

1. ... A solicitude de renovación será acompañada da memoria referida no artigo 24 ~~ou, se non for posible por solapamento de prazos, dun informe provisional que proporcione un avance o máis actualizado posible~~ **correspondente á última edición do curso xa rematada.**

Por outra banda, precisar que, como no caso das solicitudes de nova implantación, as solicitudes de renovación serán informadas pola CEPP sen posibilidade de recurso diante do Consello de Goberno cando o informe sexa desfavorable. Isto recolleríase nunha nova redacción do Artigo 25.2:

Artigo 25

2. **As solicitudes deberán recibir un informe da CEPP. A Comisión terá en conta a información achegada e a memoria sinalada na epígrafe anterior e poderá, asemade, requirir a información complementaria que estimar conveniente. As solicitudes informadas favorablemente serán sometidas a consideración do Consello de Goberno, quen decidirá se procede ou non a renovación do curso. Caso de o informe ser desfavorable, as solicitudes de renovación serán devoltas aos solicitantes xunto cunha copia do informe razoado da comisión que xustifique a súa devolución.**

[6] REMUNERACIÓN DE TAREFAS DE DIRECCIÓN. A CEPP estima que a retribución por tarefas de dirección non debería ser uniforme sen ter en conta a tipoloxía de curso, e consecuentemente, a carga lectiva do curso. Proponse manter a cota actual para esta retribución no caso das direccións de mestrados, minorando á metade e á sexta parte desta para as direccións dos cursos de especialización e de formación específica de posgrao respectivamente. Explicitamente:

Artigo 31.2

As tarefas de dirección dun curso propio de posgrao poderán ser retribuídas. **Na dirección dun mestrado, a devandita retribución non poderá superar en cada curso o complemento anual que establece a UDC para as tarefas de coordinación dun curso oficial de posgrao. Nas direccións de cursos de especialización e de cursos de formación específica de posgrao as retribucións non superarán en cada curso a metade e a sexta parte respectivamente do devandito complemento.**

[7] CUSTO DE MATRÍCULA. Proponse que o custo da matrícula sexa necesariamente único, sen que poida ser minorado con base nos posibles convenios con entidades colaboradoras, o que se recollería engadindo a seguinte frase no actual Artigo 34.1:

Artigo 34.1

A matrícula deberá realizarse segundo o procedemento que a UDC considerar máis axeitado, de acordo co establecido no proxecto de implantación do curso propio de posgrao, ~~e, se for o caso, nos convenios de colaboración previstos,~~ axustándose en todo momento á lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal. **O custo individual de matrícula será único para cada curso e non poderá ser reducido.** A efectividade da matrícula queda condicionada ao pagamento dos prezos establecidos e ao resultado favorable da comprobación prevista no apartado 3

[8] PROCESO DE MATRÍCULA. A CEPP considera procedente eliminar os artigos 34.2 e 34.3 da actual normativa, toda vez que establecen instrucións para o proceso de matrícula que se poden emitir desde a UEPP sen necesidade de que figuren explicitamente na normativa e, por ende, impiden posibles modificacións posteriores do proceso de matrícula.

[9] RETENCIÓN EN FAVOR DA UDC. Na actualidade a UDC aplica unha retención sobre os ingresos por matrícula. Existen, porén, cursos para os que a principal (ás veces única) fonte de financiamento non é a matrícula. A CEPP entende que o razoable é practicar a retención sobre os ingresos totais. Por outra banda, parece lóxico eximir as bolsas da devandita retención (na actualidade non é así). Para isto, propónse modificar o Artigo 43 como segue:

Artigo 43

1. A UDC percibirá unha porcentaxe do total dos ingresos por matrícula dos estudantes inseritos nos cursos de acordo co estipulado no cadro 1 e, se for o caso, cos posibles convenios de colaboración subscritos pola UDC con outras institucións ou entidades.

2. Para o cómputo das porcentaxes que se recollen no cadro 1, o custo individual da matrícula será o que se recolle no proxecto de implantación ou en posteriores modificacións aprobadas polo Consello de Goberno. Para tales efectos, non poderá reducirse o valor do custo da matrícula, á marxe da existencia de bolsas, de doazóns ou de subvencións.

Cadro 1: Porcentaxes retidas pola UDC sobre os ingresos totais brutos de matrícula (IB) segundo o tipo de curso e da entidade a quen competa a xestión económica. O cómputo de IB atenderá a: $IB = (\text{número de alumnos matriculados}) \times (\text{custo individual da matrícula})$.

	Xestión UDC	Xestión FUAC
Mestrado e cursos de especialización	12%	7%
Cursos de formación específica de posgrao	10%	5%

[10] XESTIÓN DELEGADA. A CEPP entende que é de todo punto razoable que a xestión económica dos cursos da UDC competa á propia UDC ou, no seu defecto, á Fundación Universidade da Coruña (FUAC) e non está xustificada que a devandita xestión sexa asumida por entidades alleas. Nesta liña propónse eliminar a posibilidade de xestión económica delegada en entidades alleas (agás da FUAC). Esta modificación tería efectos inmediatos para calquera nova implantación, en tanto que aqueles cursos que xa se estean a desenvolver con xestión delegada allea terían un prazo transitorio de tres anos académicos para cancelar esta xestión e ser entón xestionados pola UDC ou pola FUAC.

Esta proposta implicaría modificar o Artigo 41:

Artigo 41

1. A xestión económica poderá delegarse na Fundación Universidade da Coruña (FUAC) ~~ou noutras institucións, noutras entidades ou noutros organismos públicos ou privados~~, se iso queda recollido no correspondente convenio de colaboración subscrito coa UDC. O devandito convenio deberá recoller de forma explícita nalgunha das súas cláusulas **a porcentaxe retida pola FUAC** ~~as porcentaxes retidas por cada institución~~ a respecto do orzamento total do estudo. No caso de xestión económica delegada, ~~a entidade xestora~~ **a FUAC** será responsable do axeitado cumprimento do orzamento que se aprobar para o estudo.

E engadir unha disposición transitoria:

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os estudos propios de posgrao aprobados con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento, que tivesen a súa xestión económica delegada en entidades alleas á UDC e á FUAC, poderán continuar con esta xestión delegada durante un período transitorio de tres anos

académicos. Para as edicións seguintes a xestión económica deberá ser asumida ben pola UDC, ben pola FUAC, tal e como establece o presente regulamento.

Neste período transitorio de tres anos, a porcentaxe que percibirá a UDC computarase sobre os ingresos totais do curso (tal e como se recolle no artigo 43) e as porcentaxes serán o 10% no caso dos mestrados e dos cursos de especialización, e o 8% no caso dos cursos de formación específica de posgrao.

[11] BOLSAS. A CEPP considera axeitado desligar a porcentaxe obrigatoria de bolsas do número mínimo de matriculados, e computar estas respecto ao total de estudantes matriculados. A CEPP propón que o número mínimo de bolsas non sexa inferior ao 10% do número de matriculados.

As modificacións propostas na normativa van na dirección de eliminar "categorías" e "descontos" nos prezos de matrícula por convenios de colaboración. Modificaríase o Artigo 44 como segue:

Artigo 44

1. ~~Cando se cubra o número mínimo de prazas que se requirir para impartir un curso de posgrao conducente a título propio (mestrado ou curso de especialización),~~ Os orzamentos dos cursos **conducentes a títulos propios (mestrados e cursos de especialización)** deberán financiar, en maior ou menor contía, unhas bolsas de matrícula para un determinado número de estudantes admitidos. A porcentaxe de prazas para bolseiros sobre o devandito número mínimo de prazas non será inferior ao ~~15%~~ **10% do número de estudantes matriculados** e a contía das bolsas será como mínimo o 50% do prezo da matrícula.

2. ~~Cando se cubrir o número mínimo de prazas que se requirir para impartir un curso de posgrao conducente a título propio (mestrado ou curso de especialización), a UDC, en virtude de convenios con outras entidades e institucións ou para o seu propio persoal, poderá incluír na relación de estudantes ata un 10% do número mínimo de prazas e sempre cun máximo de dúas prazas. A UDC sufragará os gastos a que fai referencia o cadro 1 a retención a que fai referencia o artigo 43.1 e os correspondentes aos materiais docentes para estes estudantes.~~

[12] DURACIÓN DE MESTRADOS E CURSOS DE ESPECIALIZACIÓN. A Comisión entende que a redacción dos artigos 7.1. e 8.1 da actual normativa é imprecisa e confusa no relativo ao desenvolvemento de mestrados e de cursos de especialización ao longo de cursos académicos. Proponse o seguinte:

- No artigo 7.1, eliminar a frase final *“A totalidade da carga lectiva desenvolverase, como norma xeral, no transcurso de dous cursos académicos mais, en calquera caso, nun período lectivo non inferior a un curso académico”* e que quede do seguinte xeito:

Artigo 7

1. Os mestrados **ou másters** corresponderán aos estudos de posgrao de maior duración e nivel, de xeito que un mestrado desenvolverá formación de posgrao, de carácter especializado ou multidisciplinario e dirixido a proporcionar unha alta especialización académica ou profesional. Comprenderán un mínimo de 60 créditos ECTS. ~~A totalidade da carga lectiva desenvolverase, como norma xeral, no transcurso de dous cursos académicos mais, en calquera caso, nun período lectivo non inferior a un curso académico.~~

- No artigo 8.1., eliminar o texto final *“que se desenvolverán ao longo dun curso académico”* e que quede:

Artigo 8

1. Os cursos de especialización constitúen outra categoría de estudos de posgrao conducentes a un título universitario propio da UDC, cunha menor carga lectiva e cunha maior flexibilidade nos requisitos de acceso que os mestrados. En particular, un curso de especialización comprenderá un mínimo de 25 créditos ECTS ~~que se desenvolverán ao longo dun curso académico.~~

[13] COMPETENCIAS DA CEPP. Precisar que a CEPP tan só lle remitirá ao Consello de Goberno aquelas propostas de nova implantación e de renovación que fosen informadas favorablemente pola propia Comisión. Modificaríase o artigo 18.4.a) como segue:

Artigo 18

4. A CEPP ten, entre outras, as seguintes competencias:

a) informar as propostas de nova implantación e as solicitudes de prórroga de cursos propios de posgrao e **enviar os informados favorablemente** ao Consello de Goberno para a súa aprobación.

b) ...

[14] DISPOSICIÓN TRANSITORIA. Eliminar a disposición transitoria actual.

DISPOSICIÓN FINAL. Estas modificacións entrarán en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Consello de Goberno.